



Concello de Guitiriz

ANUNCIO: RESOLUCION MODIFICACIÓN SUSTANCIAL DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO DE CARÁCTER COLECTIVO DAS TRABALLADORAS DO SAF. EXP. 632/2024.

Resolución 2024-1014 de data 13/12/2024 na que se resolve o seguinte:

PRIMEIRO.- Analizada a documentación, todas as propostas presentadas e tendo en conta o informe do servizo de axuda no fogar, DESESTIMAR a proposta presentada polos sindicatos – traballadoras, en base a argumentación exposta pola Sr. Alcadesa na reunión da comisión negociadora 6/11/2024, que se resume en que o contrario implicaría adoptar un acordo que descoñecería a realidade do servizo e sería contrario ao principio de eficiencia no gasto público.

SEGUNDO.- Proceder á modificación sustancial das condicións de traballo consistente en compensación de horas realizadas, que superen o cómputo horario polas traballadoras de axuda no fogar, por motivos organizativos e de eficiencia no gasto público, así como prestación nas mellores condicións do servizo de axuda no fogar.

O persoal laboral deste Concello afectado pola modificación sustancial das condicións de traballo é o seguinte: auxiliares do Servizo de Axuda no Fogar, incluídas na ficha 29 da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Guitiriz.

TERCEIRO.- De conformidade cos motivos expostos no apartado anterior e de conformidade coas reunións mantidas ao efecto, o informe das traballadoras sociais, a argumentación exposta pola Sr. Alcadesa na reunión da comisión negociadora 6/11/2024, a xornada de traballo, horario e distribución do tempo de traballo, así como remuneracións reguladas no Convenio Colectivo, quedan establecidas da seguinte maneira:

- a) Xornada ordinaria de traballo: de luns a sábado.
- b) Horas semanais: 35h.
- c) Horas traballadas en domingos e festivos serán aboadas como horas extraordinarias realizadas fora da xornada ordinaria de traballo e serán aboadas como si fosen dúas horas.
- d) Cómputo de horas: mensual.
- e) Exceso de horas traballadas de luns a sábado, serán compensadas dentro dos dous meses naturais seguintes á súa realización, si pasado ese tempo non se puideran compensar con horas libres, serán aboadas como horas extraordinarias realizadas dentro da súa xornada ordinaria.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ás persoas interesadas, con indicación dos recursos pertinentes.

Concello de Guitiriz

Rúa do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178





Concello de Guitiriz

QUINTO.- Remitir esta resolución o departamento de persoal, a Tesourería e Intervención, aos efectos oportunos e dar conta o pleno, na próxima sesión que se celebre.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

Maria Sol Morandeira Morandeira

Concello de Guitiriz

Rúa do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

Cod. Validación: 35X9M6TPKF76OKKTOX6KJQWCW
Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

